



José M<sup>a</sup>. Alonso Meijide,  
Dpto. de Estatística, Análise Matemática e Optimización  
Universidade de Santiago de Compostela.  
Tel.: 982824057,  
*Email: josemaria.alonso@usc.es.*

Estimadas/os compañeiras/os:

Como director para o curso actual do Grupo de Traballo de Matemáticas II, desexo saudaros e dicirvos que estou á vosa disposición para calquera información que precisedes, así como para calquera suxestión que queirades facer.

Cara ó presente curso, todo será similar ao curso pasado, como aparece nas informacións relativas a:

- Orientacións xerais.
- Criterios xerais de avaliación.
- Modelo de exame.

No documento “Orientacións xerais” tratamos de orientar tanto ao profesorado como ao alumnado sobre os coñecementos mínimos que se deben alcanzar nos distintos bloques que se avaliarán.

No documento “Criterios xerais de avaliación” descríbese a estrutura da proba, que constará de oito preguntas (dúas do bloque de Números e Álgebra, dúas do bloque de Análise, dúas do bloque de Xeometría e dúas do bloque de Estatística e Probabilidade), das cales o alumno terá que elixir un máximo de cinco que terán a mesma valoración máxima (2 puntos). Sería conveniente que comentedes coas/cos alumnas/os os criterios xerais de avaliación da proba, e tamén informalos de que, se realizan máis de cinco exercicios, só se avaliarán os cinco primeiros que realicen. Ademais, as respostas deberán estar xustificadas, polo que nas follas do exame teñen que figurar tódalas operacións e cálculos precisos para resolver os exercicios. Se só se achega a solución sen ningún tipo de explicación, terán unha puntuación de cero puntos en dito apartado.

O “Modelo de exame” proposto é indicativo tanto do contido que se avalía como do tipo de proba, que para a ABAU 2024 será similar ao da ABAU 2023. De novo, reitero, non dubidedes en contactar comigo ou con algún membro do grupo de traballo para calquera aclaración.

Recibide un cordial saúdo.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2023.